



21 poetas do século XXI

Antoloxía e introdución a cargo de Carlos Da Aira



Aira

INTRODUCCIÓN

Dentro dos actos da quinta edición do Poemagosto. Festival Internacional de Poesía en Allariz, en outubro do 2018, celebrouse o que se denominou Recital de Poesía Novísima. O nome era un xogo de palabras entre o evidente (quen recitaban eran poetas novísimas e novísimos que tiñan entón 18 anos ou menos) e o feito de ser a poeta Olga Novo a encargada de coordinar e presentar aquel grupo de poetas.

Eu sabía xa daquela que Olga Novo, sendo profesora en Ourense, influíra dun xeito moi especial nun grupo de alumnas e alumnos que se descubriron poetas dunha calidade abraiante, así que atrevínme a pedirlle que coordinase aquel recital que foi todo un éxito e unha bomba de poesía e emoción cuxa onda expansiva xuraría que aínda hoxe paira sobre o Arnoia.

Cando me chegou a proposta da editorial Aira para que coordinase unha antoloxía coma esta, ademais dunha sensación de responsabilidade que nun primeiro momento crin inasumible, decateime de que coñecía bastantes poetas de Ourense de idades tan novas, pero non tanto doutros lugares da xeografía galega. Aí comezou un complexo proceso de investigación. O camiño ata chegar a coñecer, ler algo do que escribiran e, finalmente, falar coa totalidade de poetas que inclúe esta antoloxía, non foi doado.

Pesou dende o principio, amais, a firme vontade de que o elenco final tivese unha representación o máis variada e equitativa posible entre provincias e comarcas —superando a prevalencia do eixo A Coruña – Santiago – Vigo—, entre orixes e visións rurais e urbanas, entre poetas que xa publicaran algúns poemas e poetas que apenas gardaban poemas no caixón ou no móbil, entre xéneros ou entre escollas ortográficas.

En idades temperás moitos poemas agóchanse durante anos entre *stories*, notas de *audio* e mensaxes de texto en diferentes *apps* e *redes sociais*; poemas ós que ademais, en moitas ocasións, apenas ten acceso, con sorte, un selecto grupo de amizades de quen os escribe. Novos códigos para novas maneiras de entender a poesía, de creala.

Con todo isto, é doado facerse unha idea do complicado que foi coñecer 21 poetas de 21 anos ou menos que quixesen publicar os seus poemas e, ademais, cumprir con esa vontade de equidade.

Nalgúns casos obtiven, á hora de tentar chegar a estas persoas, a inestimable axuda de colegas, persoas con máis ou menos vinculación coa poesía. A miña gratitude a todas elas, que fago explícita na sección de agradecementos; valla tamén como pequena pista de por onde comezaron algunhas pescudas.

O que veu despois, todo o proceso de comunicación con cada poeta, foi unha increíble experiencia de aprendizaxe e un privilexio que me permitiu coñecer unha boa mostra da poesía que se está a cocinar a lume lento nalgunhas cocinas das que, con moita probabilidade, sairán algúns dos exquisitos manxares poéticos que degustaremos nos vindeiros anos.

Esta antoloxía ten como obxectivo descubrir, nunha terra atravesada pola poesía, inzada de enormes poetas, 21 poetas que fan 21 anos ou menos no 2021, ou o que é o mesmo, 21 poetas que naceron a partir do 2000. Se ben é certo que *literalmente* falando este século comezou co 2001, é evidente que dicir que é esta unha antoloxía de poetas do século XXI ten, *literariamente*, toda a razón.

Quen escriben estes poemas son persoas novas pola súa idade pero plenamente adultas dende o momento en que deciden ollar e analizar o mundo —o *seu* mundo, nomeadamente, pero non só— dende a poesía.

Son poetas porque tentan explicar(se) o mundo dende e a través da poesía; ás veces con códigos novísimos, ás veces cun coñecemento das tradicións poéticas que sorprende e outras veces renegando delas ou mirándoas por riba do ombreiro, ás veces con rabia, troucando versos, ás veces dende o lirismo ou dende a procura de

maneiras de entender o amor e o romanticismo tan novas como necesarias; ás veces preguntando, esixindo unha explicación, ás veces ofrecendo respostas a preguntas que levan séculos facéndose poetas de todas as xeracións en cada recuncho do mundo.

Detrás destes poemas hai voces que procuran a súa propia identidade, o seu oco dende onde dicir o que queren dicir sen que se cuestionen as súas palabras tomando a súa idade como escusa.

Detrás destes poemas hai voces que berran quen e como queren ser, que din, para quen queira escoitar, que están buscando e atopando as súas propias maneiras de ser, ollar, amar, loitar, pensar, nomear(se), propoñer, escribir, dicir, cuestionar, aprender(nos).

Detrás destes poemas hai voces que xa gañaron premios e hainas que ata agora apenas *publicaran en Instagram*; hainas que xa recitaron ante un público numeroso e hainas con medo escénico, hainas, especialmente, que cuestionan as normas impostas, incluíndo, por suposto, as ortográficas.

Eu coñezo poucos lugares como a poesía para cuestionalo todo, para dicilo todo, para enfrontalo todo.

Velaquí 21 maneiras de facelo.

Quero expresarlles o meu agradecemento a:

Mila Da Aira, Olga Novo, Anxo Angueira, Miro Villar, Antón de Guizán, Verónica Martínez Delgado, Noemí Pazó, Ana Martíns, Xoán Carlos Rodríguez Pérez, María Teresa González da Silva, Martiño Maseda, Concello de Cospeito, Leo de Matamá, Rosalía Fernández Rial, Lois Pérez, Silvia Penas, Noelia Gómez e Diego Horschovski.



Zaira Ferradás

2001

OUTEIRO, A PEROXA

O meu xeito de ver a vida non é outro que a poesía. Non só escribirla, senón vivirla, pensala a cada segundo, sen importar o recuncho da Terra no que me atope. Perdo en recordos moitos versos, pero sei que nese intre eran as palabras perfectas, todo o que precisaba para seguir adiante ou para cavilar sobre os meus feitos. Os meus poemas emanan do meu, do que son. Pór freo aos sentimentos e reprimilos só fará que saian doutro xeito, cada unha elixe como, sempre cunha esencia única. A poesía é a miña, son eu.

CONXURO DE TEMPOS VERBAIS

Non é condicional, é futuro.

Cada pinga de choiva que fóra cae
igual a o número de vidas que pasaremos xuntos;
Mentres, na nosa cama, arden sen permiso
tres candeas,
dous corpos
e unha soa alma.

Ao meu carón, a vida comprimida nun corpo
respira sosegada tras un frenesí de emocións.
Apenas a dous milímetros de miradas que
se funden na complicidade do todo,
eu agora comezo a vivir,
a vivir en tempos reais.

Coa mesma delicadeza coa que me bicas
enches cada ínfimo recuncho con vida.
Sen pena, vagas lentamente a través dos tempos,
fluíndo entre o vento
ata mesturarte,
mesturarnos,
no mesmo aire que nos alimenta.

Aquí comeza o meu **futuro**,
contigo amor.

MARCO DE LECTURA ABERTA

Dezasete anos atrás,
unha nena pestanexaba
tras dunha sórdida ventá,
fermentando os segredos
que o seu sangue terá
que alimentar.

O caos asomou tras a caída en picado,
ao fundirse naquel recordo
soñado tres veces
por noite,
cinco semanas
por mes.

Intre xusto.

Agóchate.
Velaí o mal.

Respira en silencio,
mantén a mirada,
pensa aguda.

Bule.
Xa está aquí.

Os recordos duplicaron a súa presenza,
inundando as poucas cousas
que a aquela nena podían facer feliz.